

XORNADAS E XEIRAS

CONSTANTINO GARCÍA

Instituto da Lingua Galega

Nun comentario do léxico das obras de Castelao que recollemos no noso libro *Retrincos da lingua*, 1988, p. 182-183 dicíamos: "Así temos no galego de hoxe un uso constante da voz *xornada*, orixinaria de Francia e que penetrou desde a lingua castelá, para substituír unha forma tipicamente galega, *xeira*... Pagaría a pena que os organizadores de tantas xeiras usasen esta voz".

Queremos afondar con estas liñas nese tema. A forma latina corrente que corresponde ó noso adxectivo 'diario' era *quottidianus*, que deixou descendentes nalgunhas linguas e dialectos románicos. Un deles está hoxe aínda vivo no galego *cotián*, mentres o portugués e o castelán recuperaron a forma orixinaria latina co cultismo *cotidiano*.

Pero outra forma latina para indicar 'diario' foi o adxectivo *diurnus* que tivo máis fortuna cós seus descendentes románicos, xa que se substantivou e deu orixe a nomes como italiano *giorno*, francés *jour* e provenzal e catalán *jorn*, que substituíron á palabra máis tradicional *dies* ou *dia*. En galego, portugués e castelán non hai derivado tradicional, senón o cultismo *diurno*.

En francés e provenzal formáronse uns derivados de *jour* e *jorn*: *ournée* e *jornada*, voz provenzal esta última que foi introducida nas linguas peninsulares primeiramente coa significación orixinaria de 'día' ou, mellor dito, 'tempo que vai desde o amañecer ata o solpor'. Esta significación permanece aínda viva en frases populares (*parece que hoxe teremos boa xornada*) e en frases literarias (*o señor Paio volvía ao matinar que ao longo da xornada lle rillaba os miolos...*; *Non rematará a xornada sin que teñamos unhas malas palabras*, de Otero Pedrayo).

Xornada toma en tódalas linguas peninsulares o sentido que ten a nosa verba tan popular *andada*, pero concretando o camiño que se percorre á duración dun día, significación que xa vemos usada nas *Cantigas de Santa María*: *correndo de randon -foi a jornadas tendudas...*, *ouve de fillar -jornadas grandes no día*, e noutros textos medievais que están recollidos en R. Lorenzo, *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*, (Ourense 1977), vol. II, s.v. *jornada*. Neste sentido é voz tamén

moi usada nos textos modernos: *E de alí a tres xornadas de longo camiñar, -san e salvo, atopouse na ribeira do mar...; a tribu camiñaba, camiñaba, -xornada tras xornada...*, versos de Ramón Cabanillas.

Desta acepción pasou *xornada* facilmente á de 'viaxe' en sentido lato, como observamos en textos literarios antigos e modernos: *Pegou de súpeto un pulo -o tren... comenzámo-la xornada* (Curros Enríquez), *Gostaba pensar nas Lamas do Ermo pra disfruitar millor da xornada seguinte cruzando a serra* (R. Otero Pedrayo) e á de expedición militar ou batalla, como vemos nestes versos de Ramón Cabanillas: *de varudos loitadores -en cen heroicas xornadas..., nunha xornada de gloria -terá de morrer por ela..., Das Navas de Tolosa -na xornada sangrenta.*

Pero *xornada* tomou en tódalas linguas peninsulares, partindo da súa significación orixinaria básica, o sentido de 'tempo que dura o traballo diario', acepción moi popular en expresións como *xornada intensiva, traballar a media xornada, xornada prolongada*, etc. E de aí facilmente, desde un punto de vista semántico, tomou a voz *xornada* a acepción de acto dunha obra teatral.

Sen embargo o uso continuo e a identificación de *xornada* como duración do traballo diario supón para nós a suplantación da voz tan tradicional e corrente *xeira*.

A voz galega *xeira* (portugués *jeira* ou *geira*) descende da palabra latina *diaria*, plural do neutro *diarium*, que significaba 'a ración de comida diaria que se lles daba ós criados ou ós escravos' e logo pasou a denominarse así o que hoxe chamariamos salario, pagamento ou xornal diario que se lle dá ó traballador rural. Esta acepción, segundo algúns dicionarios está aínda viva nalgúns lugares de Galicia e na rexión portuguesa de Tras os Montes.

Desa significación de salario diario que se pagaba pola realización dun traballo pasou *xeira* a significar tamén o traballo realizado por un traballador que recibía ese salario ou *xeira*. E *xeira* converteuse na voz normal para denomina-lo traballo diario, sobre todo o que se fai no campo, e posteriormente, nun sentido máis amplo, calquera tipo de traballo ou tarefa. Coido que *xeira* ten para algúns falantes o matiz de que ese traballo, dure todo o día ou non, sexa feito continuamente e sen interrupción.

Así pois, *xeira* é a palabra tipicamente galega, derivada directamente do latín, para expresa-la duración diaria ou sen interrupción dun traballo ou dunha ocupación, que ten non soamente un uso moi corrente na fala popular, senón tamén no nivel literario da lingua: *Voltaire... espallaba en tódalas esferas da Ilustración o tipo estoico e as xeiras do rei da Suecia* (R. Otero Pedrayo), *e na taberna, onde é máis triste e agre o sudor das xeiras, -anque o viño dá fume ós corazóns aturtuvigados* (Iglesia Alvaríño). Castelao emprega a miúdo esta voz no sentido de tarefa ou de traballo: *E por verme ceibe de xeira tan macabra dñxenlle que unha fotografía era mellor que un deseño... E os tres, naquel punto, decidiron remata-la*

xeira, e foron a molla-la gorxa ó pé dunha pipa do viño... Abofé que a xeira foi un ben de Deus, pois ó remata-la romería Rañolas puxo en prata tres pesos, que gardou ben gardadiños...

Como dicíamos arriba, sería de desexar que a voz importada *xornada* non substitúa decote á verba máis tradicional *xeira*, que tivo e ten outras moitas acepcións. Así *xeira* ten nalgures a significación de cansazo, agotamento, fatiga, apuro que nace loxicamente do feito de facer *xeiras* moi fatigosas e pesadas.

Por outra parte témo-la constancia da existencia nalgúns lugares de Galicia da acepción (que existiu tamén antigamente en Portugal) de 'servicio de axuda mutua que se fan os veciños dunha aldea nos traballos de campo'. *Ir botar unha xeira a un veciño* converteuse nun costume popular que recibiu o nome de *xeira* pola translación do significado normal da nosa voz.

Hai traballos que hai que facelos en *xeiras* sucesivas, é dicir, en turnos ou tandas ou veces diferentes. De aí que *xeira* tomase a acepción rexistrada nos dicionarios de 'turno, vez'. Fr. Juan Sobreira (*Papeletas de un diccionario gallego*, Ed. de J.L. Pensado, Ourense 1979, pp. 273 e 461) no século XVIII recolle xa testemuños desta significación de *xeira*, así como a expresión *ás xeiras* como 'ás veces'.

Cando unha persoa vai traballar con outra nun labor de campo, é dicir, cando fan unha *xeira* en común, deben face-las cousas de acordo, co mesmo ritmo, co mesmo entusiasmo. Da expresión *facen xeira en común* nun traballo normal naceu a expresión *facen xeira* no sentido de 'conxeniarse'. E. Rivas (*Frapas*, 1978) documenta este uso na provincia de Ourense: *Il non fai xeira coa sogra*. E de *facen xeira* naceu o verbo *xeirear* co mesmo valor semántico de 'traballar ó unísono', 'ir acordes', 'conxeniarse', etc.

Pero *xeirear* ten ademais o valor que di M. Valladares (*Diccionario gallego-castellano*, 1884): "dar una vuelta por el campo o por las calles sin otro objeto que el de distraerse o esparcirse", significación que recollen os dicionarios posteriores, e que algún escritor emprega como sinónimo de 'pasear': *Case sempre xeireaba pola feira..., foi xeirear unha tempadiña polos portos... Xeireamos como fantasmas* (R. Otero Pedrayo). Probablemente este *xeirear* naceu da expresión *ir de xeira*, na que *xeira* equivale a *xornada*.

Pensemose que tanto *xornada*, como *xeira*, aínda que con este sentido non apareza recollida nos dicionarios, teñen tamén o valor de sesión de traballo que fan investigadores ou diversos colectivos de todas clases, que inclúe en certo modo a acepción de 'viaxe'. Véxanse estes exemplos que tomamos de *As Cruces de Pedra na Galiza* de Castelao: *Fun a Portugal, sen lecer dabondo para pelengrinar polos seus camiños, e voltei prometéndome novas xeiras, que xa máis nunca poden emprender... Lembrámonos de que nunha das xeiras do Seminario de Estudos Galegos por terras de Lalín...*

Aínda quedan por sinalar outras acepcións de *xeira* que non teñen que ver cos traballos dos homes, senón cos dos animais. Unha *xeira* é tamén o terreo que unha xunta de bois ou vacas pode labrar nun día. Este sentido é precisamente o máis estendido en Portugal, e é o que ten a forma do dialecto leonés *jera*.

Nalgúns dicionarios galegos aparece *xeira* definida tamén xenericamente como "leira longa e estreita". Coido que eses dicionaristas fan unha ampliación ou extensión da significación que acabamos de sinalar ou un calco da acepción de 'leira' que ten efectivamente nalgúns puntos de Portugal.

Esta acepción de *xeira* como 'anaco de terreo' deu lugar á existencia doutra derivada deste significado: 'medida agraria que varía segundo as diferentes bisbarras'. Os dicionarios portugueses consideran esta acepción como anticuada, e non aparece nos galegos a pesar de que está recollida por Fr. Martin Sarmiento (*Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*, Ed. J.L. Pensado, Salamanca 1973, p. 396) que di "tierra con dos ferrados de sembradura (de centeno)".

* * *

Penso que, como dicía ó principio, paga a pena non deixar de usa-la palabra *xeira* que ten tantas acepcións en galego e que pode moi ben seguir usándose en vez da voz importada *xornada*.